

TEXTOS SOBRE O CAMBIO CLIMÁTICO

« A atmosfera terrestre estase a quentar e, aínda que se trata só dun quentamento dunhas cuantas décimas de grao durante os últimos cen anos, previsiblemente o vai seguir facendo a un ritmo maior nas vindeiras décadas. Isto é o que nos din os científicos, e advirtennos ademáis de que os seres humanos temos bastante que ver nesta subida da temperatura. Tamén nos din que temos certa marxe de manobra para tratar de frear este ascenso, aínda que non será nada fácil; (...).

(...) Resulta que ata 1750 calquera cambio climático debíase exclusivamente a unha causa natural, xa que a influencia do home no clima era despreziable. Sen embargo, co inicio da Revolución Industrial o panorama empezou a cambiar de xeito lento mais inexorable, a medida que fomos liberando carbono á atmosfera. Empezamos a queimar carbón, despois chegou o petróleo e o sistema climático empezou a ter problemas para absorber todos os gases de efecto invernadoiro procedentes da combustión, polo que empezaron a aumentar as súas concentracións na atmosfera e esta empezou a quentarse. (...)

Do conxunto de indicadores naturais que amosan os efectos do quentamento global, a acelerada fusión de xeo que está a ter lugar no Ártico fixo saltar as alarmas entre a comunidade científica. (...)

Aínda que a meirande parte dos especialistas en clima camiñan na mesma dirección, existe unha corrente escéptica, minoritaria pero bastante ruidosa, que cuestiona a teoría do quentamento global e moitos dos resultados que o IPCC (Panel Intergubernamental de Cambio Climático) publica nos seus famosos informes. O certo é que aos escépticos non lles quedou máis remedio que ir reconvertendo o seu discurso ante o avance implacable das evidencias científicas. Non hai moito cuestionaban o propio quentamento global. Unha vez aceptado pola maioría, o seu cabalo de batalla é agora a causa que o provoca e as causas de orixe natural que poden actuar sobre del no futuro, o que na súa opinión podería relevar a influencia do home a un segundo plano. »

José Miguel Viñas (2010): *Introducción a la meteorología*. Ed. Almuzara, Barcelona.

“Quen máis asustados deberíamos estar pola degradación ambiental no seu conxunto somos os que formamos os países máis ricos. Porque somos os que máis temos que perder. E o planeta non lle vai pasar nada. Non é el quen está ameazado; é o noso insensato, por despilfarrador, xeito de vida o que nos está poñendo en perigo a nós mesmos. A raigame de todos os problemas ambientais estriba no tipo de desenvolvemento que nos proporcionou ós ricos inimaxinábeis cotas de benestar e lonxevidade, pero que se fixo, e se está a facer, a costa dun consumo de recursos e uns impactos sobre o contorno absolutamente insostíbeis. Debemos deixar de ser, canto antes, unha auténtica “civilización do desperdicio” onde o nivel de residuos -de lixo, digámolo claro- é paralelo ó nivel de desenvolvemento (...) É obvio que nos enfrontamos a problemas ambientais integrados nos problemas de solidariedade mundial que van máis alá do tema atmosférico e climático. Pero nen sequera os defensores do medio ambiente queren ver o asunto dende este prisma sen dúbida complexo e global. E prefiren fixarse monotematicamente no quentamento do clima como única espada de Damocles sobre un mundo inerte ante a maldade das grandes corporacións multinacionais.”

Manuel Toharia (2006): *El clima*. Ed. Debate, Barcelona.